

5.2. investigaciónetecnología

A ANÁLISE DA SITUACIÓN E ACTIVIDADES de investigación e desenvolvemento tecnolóxico está estructurado en catro grandes apartados. En primeiro lugar analízase o esforzo tecnolóxico da comunidade galega a partir dos datos do gasto en I+D e do persoal empregado nestas actividades. En 2002 investiuse en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico un total de 293,2 millóns de euros, o 0,8% do PIB, o que supón o 4,1% destes gastos no conxunto do Estado. Cómpre salientar que en Galicia a proporción do gasto público (Administración e Ensino superior) ascende ó 61,3% do gasto total, sendo do 45,2% no conxunto do Estado.

O persoal dedicado a labores de I+D en equivalencia a xornada completa ó longo de 2002 ascendeu a 6.225 persoas (o 4,6% do total estatal), o que representa o 5,1 por mil da poboación activa (7,3 por mil de media en España).

En segundo lugar estúdiase o grao de penetración das novas tecnoloxías tomando como indicadores tanto os relativos ó

equipamento das principais TIC (televisión, ordenador e teléfono) como o uso da internet (cómo e onde se accede ou número de usuarios).

Finalmente, analízanse as exportacións e importacións dos produtos da industria manufactureira, distribuídos segundo o seu nivel tecnolóxico, desagregando os productos segundo o nivel de tecnoloxía: tecnoloxía alta, media-alta, media-baixa e baixa.

Para a realización deste capítulo téñense en conta, fundamentalmente, os datos recollidos na *Estadística sobre actividades de I+D e na Encuesta a hogares españoles sobre tecnologías de la información y la comunicación* do INE, na *Enquisa de condicións de vida* e nos *Indicadores de alta tecnoloxía* do IGE, así como os datos publicados pola Oficina Española de Patentes y Marcas.

Actividades de investigación e tecnoloxía

A análise do esforzo tecnolóxico de Galicia realizaase a partires dos datos do gasto en I+D e do persoal empregado nes-
tas actividades.

O gasto en investigación e desenvolvemento (I+D) interno ascendeu en 2002 a 293.195 miles de euros, un 22,0% máis que o investido no ano anterior (52.930 miles de euros máis).

Comparado co investimento realizado no conxunto do Estado e no resto das comunidades autónomas, o **cadro C.5.7.** (*Gastos internos totais e persoal en I+D nas CC.AA. 2001-02*) reflicte que Galicia acolle o 4,1% do total investido en España (3,9% en 2001), sendo a séptima comuni-
dade co maior investimento, por detrás, ó igual que no ano 2001, de Madrid, Cataluña, Andalucía, País Vasco, a C. Valenciana e Castela e León.

Atendendo ó esforzo en I+D en relación co PIB a prezos de mercado, prezos correntes, o **cadro C.5.8.** (*Importancia relativa dos gastos internos totais e persoal en I+D nas CC.AA. 2001-02*) amosa o aumento do mesmo entre os dous anos considerados, pasando do 0,69% de 2001 ó 0,80% de 2002. No conxunto do Estado, o gasto en I+D interno superou por primeira vez o 1% do PIB, acadando o 1,04% do PIB, (0,96% en 2001).

Comparado co resto das CC.AA. Galicia ocupa tamén o séptimo posto, por detrás de Madrid (1,90%), País Vasco (1,32%), Cataluña (1,27%), Navarra (1,11%) e Castela e León e a C. Valenciana, co 0,81%.

Analizando a proporción de gasto público e privado en I+D, o **cadro 5.2.1.** reflicte que a importancia relativa do gasto público en Galicia nas actividades de I+D ascendeu en 2002 o 61,3% do gasto total (179.780 miles de euros), cando no conxunto do Estado representa o 45,2% do gasto. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia é a oitava comuni-
dade con maior peso relativo do gasto público, por detrás de Estremadura (88,1%), Baleares (80,3%), Canarias (76,2%), a C. Valenciana (67,6%), Andalucía (65,3%), Murcia (64,1%) e Asturias (61,9%).

No concernente ó **persoal empregado nas actividades de I+D** en equivalencia a xornada completa, un total de 6.225 persoas dedicáronse a estas labores en 2002, o 4,6% do total estatal. Comparado co ano anterior, producícese unha medra do 4,9% (288 persoas máis), sendo esta medra do 6,8% no conxunto do Estado.

En termos relativos, en Galicia hai un total de 5,1 persoas ocupadas nestas actividades por cada mil activos fronte ás 7,3 persoas/1.000 activos que se rexistra de media en España. Esta ratio situaría a

5.2.1.

Gasto interno en I+D nas CC.AA. 2002: sector público e privado

| | Total (en miles de €) | Sector privado (1) (en miles de €) | % sobre total | Sector Público (2) (en miles de €) | % sobre total |
|------------------|--------------------------|---------------------------------------|---------------|---------------------------------------|---------------|
| | | | | | |
| Andalucía | 585.667 | 203.380 | 34,7 | 382.287 | 65,3 |
| Aragón | 160.346 | 100.640 | 62,8 | 59.706 | 37,2 |
| Asturias | 98.933 | 37.680 | 38,1 | 61.253 | 61,9 |
| Baleares | 45.271 | 8.929 | 19,7 | 36.342 | 80,3 |
| Canarias | 173.088 | 41.118 | 23,8 | 131.970 | 76,2 |
| Cantabria | 48.348 | 20.322 | 42,0 | 28.026 | 58,0 |
| Castela-A Mancha | 105.296 | 42.604 | 40,5 | 62.692 | 59,5 |
| Castela e León | 317.673 | 168.950 | 53,2 | 148.723 | 46,8 |
| Cataluña | 1.628.042 | 1.112.959 | 68,4 | 515.083 | 31,6 |
| C. Valenciana | 547.944 | 177.545 | 32,4 | 370.399 | 67,6 |
| Estremadura | 71.380 | 8.504 | 11,9 | 62.876 | 88,1 |
| Galicia | 293.195 | 113.415 | 38,7 | 179.780 | 61,3 |
| A Rioxa | 29.790 | 17.599 | 59,1 | 12.191 | 40,9 |
| Madrid | 2.277.822 | 1.323.149 | 58,1 | 954.673 | 41,9 |
| Murcia | 97.633 | 35.099 | 35,9 | 62.534 | 64,1 |
| Navarra | 130.881 | 90.195 | 68,9 | 40.686 | 31,1 |
| País Vasco | 581.442 | 440.897 | 75,8 | 140.545 | 24,2 |
| Total | 7.192.751 | 3.942.985 | 54,8 | 3.249.766 | 45,2 |

(1) Inclúe empresas e Institucións privadas sen fin de lucro

(2) Inclúe Administración e Ensino Superior

Fonte: INE, Estadística sobre actividades de I+D

5.2.2.

Presuposto de gastos da Xunta de Galicia en investigación científico-técnica e aplicada 2002-03

| | 2002 (en miles de €) | 2003 | |
|---|-------------------------|----------|--|
| | | | |
| 432A Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico | 62.983,0 | 64.015,9 | |
| Presidencia, Relacións Institucionais e Adm. Pública | 45.133,3 | 48.156,9 | |
| Industria e Comercio | 7.980,2 | 7.171,6 | |
| Pol. Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural | 4.211,9 | 3.414,9 | |
| Pesca e Asuntos Marítimos | 3.589,8 | 3.549,9 | |
| Medio Ambiente | 1.890,2 | 1.717,9 | |
| Cultura, Comunicación Social e Turismo | 177,5 | 4,8 | |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

5.2.3.

Proxectos aprobados polo CDTI nas CC.AA. 2002-03

| Nº | Proyectos | 2002 | | 2003 | |
|------------------|------------|------------------------------------|-------------------|------------------------------------|-------------------|
| | | Aportación CDTI (en miles de €) | Presupuesto total | Aportación CDTI (en miles de €) | Presupuesto total |
| Andalucía | 39 | 16.448,0 | 43.861,2 | 31 | 14.046,4 |
| Aragón | 18 | 8.362,2 | 19.862,6 | 23 | 9.332,7 |
| Asturias | 21 | 8.585,8 | 18.405,2 | 24 | 16.041,8 |
| Baleares | 2 | 598,8 | 1.802,8 | 1 | 498,7 |
| Canarias | 3 | 672,8 | 1.238,0 | 3 | 994,2 |
| Cantabria | 8 | 2.163,9 | 4.949,9 | 2 | 950,5 |
| Castela-A Mancha | 8 | 4.558,3 | 10.997,5 | 8 | 3.200,3 |
| Castela e León | 23 | 14.961,3 | 36.166,4 | 26 | 12.270,5 |
| Cataluña | 163 | 64.258,9 | 129.737,7 | 183 | 71.029,6 |
| C. Valenciana | 55 | 21.806,8 | 49.641,3 | 53 | 22.442,0 |
| Estremadura | 1 | 287,5 | 479,2 | 3 | 1.779,1 |
| Galicia | 7 | 2.467,8 | 5.661,1 | 11 | 4.940,8 |
| A Rioxa | 8 | 4.568,0 | 9.135,9 | 12 | 4.536,0 |
| Madrid | 81 | 30.662,6 | 64.762,7 | 72 | 28.791,3 |
| Murcia | 13 | 5.223,3 | 14.467,5 | 7 | 2.550,9 |
| Navarra | 55 | 16.270,9 | 53.734,0 | 40 | 12.187,4 |
| País Vasco | 63 | 24.921,7 | 54.054,3 | 78 | 30.879,6 |
| Total | 568 | 226.818,6 | 518.957,2 | 577 | 236.471,8 |
| | | | | | 519.495,8 |

Fonte: Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI)

Galicia no décimo posto do ranking autonómico, por detrás de Madrid (14,3%), Navarra (11,5%), País Vasco (10,4%), Cataluña (9,1%), Aragón (7,9%), Asturias (7,2%), Castela e León (6,7%), a C. Valenciana (6,1%) e A Rioxa (5,7%).

O deseño, planificación e financiamiento da innovación e a investigación nos sectores productivos, favorecido pola Administración autonómica galega, atópase distribuído entre seis consellerías: Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública; Industria e Comercio; Política Agroalimentaria e Desenvolvimento Rural; Pesca e Asuntos Marítimos; Cultura, Comunicación Social e Turismo; e, finalmente, Medio Ambiente. Esta actuación en materia de I+DT complétase coas actuacións do Igape neste ámbito.

O **cadro 5.2.2.** reflicte que o investimento das seis consellerías en investigación científico técnica e aplicada ascendeu no ano 2003 a 64.015,9 miles de euros fronte ós 62.983,0 miles de euros do ano anterior, o que implica unha medra do 1,6%.

Xunto ó financiamento do Plan galego existen fondos provenientes doutras fuentes, como o Plan estatal, a UE, outras institucións públicas ou privadas e empresas.

O Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI) elaborou un programa de actuacións, que estarían financiadas en parte mediante fondos comunitarios do FEDER. O **cadro 5.2.3.** reflicte que dos 577 proxectos aprobados en España, 11 corresponden a proxectos en Galicia, o que representa o 1,9% do conxunto do Estado.

O presupuesto total destes proxectos en Galicia foi de 9.726,3 miles de euros, dos que o CDTI aportou 4.940,8 miles de euros. Comparado co total estatal, Galicia acolleu o 1,9% do presupuesto total, e a

contribución do CDTI en Galicia significalou o 2,1% da contribución total en España.

Penetración de novas tecnoloxías

Xunto ás actividades de I+D, base sobre a que se desenvolven os sectores das tecnoloxías da información e das comunicacións, un elemento clave para valora-lo nivel de integración na sociedade da información é o nivel de acceso da poboación e das empresas ás tecnoloxías da información.

No concernente ó equipamento e usos das principais tecnoloxías da información e a comunicación nos **fogares**, o **cadro 5.2.4.** reflicte que dos 886,0 miles de fogares galegos (o 6,2% dos fogares españoles), o 35,1% dispón algúns tipo de ordenador (o 43,3% no conxunto do Estado). Os equipos de comunicación de voz presentan unha ampla implantación en Galicia xa que o 97,0% das vivendas dispón algúns tipo de teléfono (96,9% de media en España). Un 59,8% das vivendas galegas dispón de teléfono fixo e móvil (65,0% no conxunto do Estado), un 29,7% ten só teléfono fixo (23,2% en España), e un 7,5% dos fogares (a media estatal é do 8,7%) dispón únicamente de telefonía móvil.

Asemade, a televisión está presente na práctica totalidade dos fogares galegos (o 98,6%), sendo esta porcentaxe do 58,5% no caso do vídeo, do 53,7% no da cadea de música e do 21,5% no da telefonía móvil. No conxunto do Estado estas porcentaxes son do 99,5%, 72,6% e 64,1%, respectivamente.

O 16,9% dos fogares galegos, 150,0 miles de fogares (o 4,2% do total estatal), disponían de conexión a internet, accedendo o 84,5% dos mesmos mediante liña telefónica convencional (126,7 miles de

5.2.4.

Equipamento e usos das principais TIC (1) nos fogares de Galicia e España 2003

| | | Galicia | España | G/E |
|---|-------------------------|------------|----------|------|
| | | (en miles) | | (%) |
| Total vivendas | | 886,0 | 14.264,6 | 6,2 |
| Televisión | | | | |
| Vivendas con Televisión | | 873,9 | 14.197,0 | 6,2 |
| Vías de recepción | | | | |
| antena convencional | | 868,3 | 14.065,1 | 6,2 |
| antena parabólica | | 126,6 | 2.321,4 | 5,5 |
| cable | | 73,8 | 1.249,8 | 5,9 |
| TV dixital terrestre | | 10,0 | 352,4 | 2,8 |
| Ordenador | | | | |
| Vivendas con ordenador | | 311,3 | 6.176,3 | 5,0 |
| un único ordenador | | | | |
| de sobremesa | | 243,8 | 5.098,6 | 4,8 |
| portátil | | 14,9 | 209,3 | 7,1 |
| outro tipo (PDA, palmtop, pocket PC) | | 4,8 | 30,8 | 15,5 |
| Vivendas con 2 ou 3 ordenadores | | 47,8 | 837,6 | 5,7 |
| Telefonía | | | | |
| Vivendas con teléfono | | 859,4 | 13.820,0 | 6,2 |
| unicamente telefonía fixa | | 263,4 | 3.305,5 | 8,0 |
| unicamente telefonía móvil | | 66,4 | 1.247,9 | 5,3 |
| telefonía fixa e móvil | | 529,6 | 9.266,7 | 5,7 |
| Internet | | | | |
| Fogares que dispón de acceso a Internet | | 150,0 | 3.599,1 | 4,2 |
| a través de liña telefónica convencional | | 126,7 | 2.683,2 | 4,7 |
| a través de rede de cable | | 26,6 | 361,6 | 7,4 |
| a través de liña RDSI | | 5,2 | 87,8 | 5,9 |
| a través de liña ADSL | | 24,7 | 870,6 | 2,8 |
| Outras formas de conexión | | 2,1 | 70,8 | 3,0 |
| NS/NC | | 1,4 | 64,0 | 2,3 |
| Total personas | | 2.374,0 | 35.508,7 | 6,7 |
| empregaron nos últimos 3 meses | (en miles) | 660,3 | 12.130,1 | 5,4 |
| usuarios | (% sobre total persoas) | 27,8 | 34,2 | |
| Lugares nos que se conectaron | | | | |
| fogar | (en miles) | 309,4 | 7.236,6 | 4,3 |
| centro de traballo | | 287,4 | 5.013,9 | 5,7 |
| centro de estudos | | 163,0 | 2.471,8 | 6,6 |
| noutros lugares | | 229,0 | 3.549,0 | 6,5 |
| NS/NR | | 5,9 | 71,2 | 8,3 |
| Gasto medio en compras a través de internet nos últimos 3 meses | (en €) | 298,93 | 475,95 | |
| Persoas que mercaron a través de internet nos últimos 3 meses | (en miles) | 85,7 | 1.625,6 | 5,3 |
| Persoas que mercaron a través de internet nos últimos 3 meses | (% sobre total persoas) | 3,6 | 4,6 | |

(1) TIC = Tecnoloxías de Información e Comunicación

Fonte: INE, Encuesta de Tecnologías de la información en los hogares

fogares). O 17,8% dos fogares que disponen de acceso a internet, conéctase a través de rede de cable (10,0% en España), sendo esta porcentaxe do 16,4% no caso da liña ADSL (24,2% no conxunto do Estado) e do 3,4% no caso da liña RDSI (2,4% en España).

O **cadro 5.2.4.** amosa que o número de persoas que se conectaron a internet nos tres meses anteriores á enquisa ascendeu a 660,3 miles de persoas (o 5,4% do total estatal), sendo o fogar e o centro de traballo os dous principais lugares nos que se conectaron. Nos tres meses anteriores á realización da enquisa o número de perso-

as que mercaron a través de internet ascendeu a 85,7 miles (o 5,3% das que mercaron en España), sendo o gasto medio nestas compras de 298,93 euros, (475,95 euros de media no conxunto do Estado).

En relación ós usos de tecnoloxías da información e as comunicacóns nas **empresas**, **cadro 5.2.5.**, o uso de ordenadores está estendido na meirande parte das empresas galegas (90,1%), en tanto que o emprego doutras TIC é menos frecuente. Neste senso, un 66,7% das empresas galegas posúan correo electrónico (e-mail), un 50,9% tiñan instalada unha rede de área local, e un 34,3% das empresas

5.2.5.

Uso de TIC e comercio electrónico nas empresas 2002: principais variables e agrupación de actividade

| | Total Empresas | | Industria | | Construcción | | Servicios | |
|--|----------------|---------|-----------|---------|--------------|---------|-----------|---------|
| | Total | Galicia | Total | Galicia | Total | Galicia | Total | Galicia |
| Uso de diversas TIC | | | | | | | | |
| Ordenadores | 95,0 | 90,1 | 93,0 | 84,8 | 93,0 | 89,4 | 97,5 | 98,7 |
| Rede de Área Local (LAN) | 55,3 | 50,9 | 47,7 | 41,4 | 41,9 | 36,2 | 64,7 | 66,1 |
| Rede de Área Local "sen fíos" | 3,4 | 3,4 | 2,8 | 3,2 | 1,6 | 1,0 | 4,1 | 3,7 |
| Intranet | 29,5 | 26,5 | 23,8 | 23,0 | 19,7 | 23,3 | 36,5 | 32,2 |
| Conexión a Internet | 81,7 | 72,7 | 77,9 | 66,8 | 74,2 | 68,6 | 86,5 | 82,1 |
| Extranet | 12,2 | 11,0 | 8,4 | 8,3 | 6,8 | 9,5 | 17,1 | 15,4 |
| Correo electrónico (e-mail) | 76,0 | 66,7 | 71,8 | 60,2 | 65,5 | 59,0 | 81,3 | 77,2 |
| Personal que emprega ordenadores ó menos unha vez por semana | 47,8 | 34,8 | 34,1 | 25,4 | 25,5 | 21,2 | 59,4 | 47,0 |
| Personal que emprega ordenadores conectados a Internet ó menos unha vez por semana | 29,1 | 20,4 | 20,6 | 15,7 | 16,9 | 15,9 | 36,3 | 26,5 |
| Personal que desenvolve software para a empresa | 1,0 | 1,0 | 0,8 | 0,8 | 0,8 | 1,2 | 1,2 | 1,1 |
| Empresas con empregados conectados ós sist.TIC por redes telemáticas externas | 7,0 | 4,7 | 4,9 | 3,8 | 3,1 | 3,7 | 9,6 | 6,0 |
| Empresas con sistemas informáticos de xestión de pedidos ou de compras | 37,2 | 29,0 | 34,6 | 25,5 | 19,1 | 22,0 | 40,5 | 34,6 |
| Empresas con acceso a internet | | | | | | | | |
| módem (1) | 37,6 | 34,7 | 41,3 | 36,0 | 44,8 | 32,2 | 33,4 | 33,0 |
| RDSI (1) | 35,9 | 41,3 | 35,8 | 40,7 | 33,6 | 39,1 | 35,9 | 42,1 |
| Banda ancha (1) | 62,4 | 61,5 | 57,2 | 60,8 | 51,8 | 53,9 | 68,3 | 62,4 |
| mediante xDSL (1) | 54,7 | 48,8 | 50,2 | 45,6 | 45,1 | 41,7 | 59,7 | 53,1 |
| mediante Cable (1) | 7,0 | 13,5 | 6,8 | 17,4 | 5,8 | 12,0 | 7,3 | 8,3 |
| mediante LMDS (1) | 0,6 | 0,3 | 0,4 | 0,4 | 0,2 | - | 0,9 | 0,3 |
| mediante Satélite (1) | 0,7 | 0,5 | 0,2 | 0,5 | 0,2 | - | 1,2 | 0,5 |
| conexión "sen fíos" (1) | 6,6 | 5,0 | 4,8 | 4,3 | 3,8 | 3,8 | 8,6 | 5,9 |
| Uso de internet por parte das empresas | | | | | | | | |
| Buscar información (1) | 93,2 | 91,7 | 93,1 | 89,7 | 92,1 | 92,3 | 93,3 | 94,3 |
| Investiga-lo mercado (1) | 46,9 | 47,0 | 45,2 | 47,3 | 39,9 | 47,4 | 48,9 | 46,7 |
| Recibir productos digitais (1) | 22,7 | 23,1 | 20,1 | 20,0 | 15,3 | 14,7 | 25,7 | 27,1 |
| Obrer servicios postventa (1) | 19,1 | 20,0 | 15,0 | 15,8 | 10,2 | 15,3 | 23,8 | 25,5 |
| Servicios bancarios/financeiros (1) | 81,7 | 76,0 | 82,1 | 75,6 | 80,9 | 79,0 | 81,2 | 76,6 |
| Formación/aprendizaxe (1) | 27,3 | 34,9 | 25,2 | 33,4 | 23,7 | 38,2 | 29,5 | 36,8 |
| Empresas que interactúan coas AAPP mediante Internet (1) | 53,7 | 53,6 | 49,5 | 53,4 | 46,4 | 55,6 | 58,5 | 53,8 |
| Para obter información (1) | 49,5 | 51,0 | 46,0 | 50,8 | 42,6 | 52,3 | 53,4 | 51,2 |
| Para conseguir impresos, formularios, ... (1) | 45,7 | 45,2 | 42,7 | 44,1 | 38,1 | 45,4 | 49,2 | 46,7 |
| Para devolver impresos cumplimentados (1) | 31,5 | 26,9 | 27,2 | 24,5 | 20,4 | 21,1 | 36,3 | 29,9 |
| Para xestión electrónica completa (1) | 22,6 | 20,9 | 19,2 | 21,1 | 14,0 | 18,9 | 26,3 | 20,6 |
| Empresas con conexión a Internet e sitio/páxina web (1) | 40,9 | 34,3 | 35,3 | 27,0 | 21,1 | 14,6 | 47,3 | 43,9 |
| Uso da páxina web | | | | | | | | |
| Comercializa-los produtos da empresa (2) | 74,4 | 73,9 | 71,0 | 79,0 | 78,8 | 99,0 | 77,3 | 69,8 |
| Facilidade de acceso a catálogos e prezos (2) | 58,5 | 54,6 | 58,8 | 48,5 | 37,4 | 28,9 | 58,2 | 59,6 |
| Personaliza-a páxina a clientes habituals (2) | 17,8 | 23,0 | 15,0 | 18,3 | 16,9 | 30,5 | 20,1 | 26,9 |
| Distribución de produtos digitais (2) | 5,4 | 6,3 | 3,6 | 4,4 | 3,3 | 9,4 | 6,9 | 7,8 |
| Provisión de servicios postventa (2) | 10,5 | 9,2 | 7,6 | 6,8 | 7,5 | 9,4 | 12,9 | 11,0 |
| Provisión de servicios de Internet móvil (2) | 2,1 | 1,3 | 1,4 | 1,2 | 1,8 | - | 2,7 | 1,5 |
| E. con páxina web que empregan seguridade | | | | | | | | |
| Servidor seguro (2) | 59,0 | 58,1 | 55,0 | 63,6 | 49,5 | 74,0 | 62,3 | 53,7 |
| Cortafogos (2) | 45,4 | 34,7 | 37,1 | 25,3 | 28,0 | 16,5 | 52,4 | 42,3 |
| Encriptación (2) | 19,6 | 16,2 | 14,9 | 14,7 | 8,9 | 12,5 | 23,6 | 17,5 |
| Backup de datos off-site (2) | 46,5 | 38,6 | 41,7 | 40,7 | 35,3 | 51,7 | 50,5 | 37,2 |
| Firma electrónica dixital (2) | 23,6 | 21,7 | 23,2 | 18,2 | 18,2 | 19,0 | 24,0 | 24,5 |
| Password/Login (2) | 61,0 | 62,7 | 53,3 | 58,9 | 41,4 | 78,1 | 67,5 | 65,7 |
| Outros mecanismos de autenticación (2) | 11,8 | 11,5 | 11,2 | 9,9 | 10,2 | 21,9 | 12,3 | 12,9 |
| Software de protección ou chequeo de virus (2) | 93,3 | 93,6 | 93,1 | 97,8 | 92,7 | 96,6 | 93,4 | 90,2 |
| Suscripción a un servicio de seguridade (2) | 56,5 | 54,7 | 54,9 | 58,2 | 47,8 | 61,7 | 57,9 | 51,9 |
| E. con páxina web que usan seguridade e os actualizaron en 3 meses anteriores (2) | 85,2 | 92,0 | 89,0 | 106,7 | 78,0 | 101,0 | 81,9 | 80,3 |

(1) % sobre o total de empresas con conexión a internet
 (2) % sobre o total de empresas con conexión a internet e páxina web
 Fonte: INE, Encuesta de uso de TIC e comercio electrónico en las empresas

con conexión a internet dispón de páxina web.

Comparado cos datos reflectidos para o conxunto do Estado, as empresas galegas presentan valores inferiores agás no caso do LAN sen fíos, sendo especialmente significativa a diferencia existente no caso do internet e o e-mail, onde a diferenza é superior a nove puntos.

A meirande parte das empresas galegas e españolas acceden a internet a través dalgunha solución de banda ancha (61,5% e 62,4%, respectivamente), sendo a tecnoloxía máis empregada para acceder á rede a conexión mediante xDSL (48,8% e 54,7%), seguida en Galicia da RDSI

(41,3% e 35,9%) e do modem (34,7% e 37,6%).

Tal e como reflicte o **cadro 5.2.5.** as empresas galegas empegan a rede basicamente para procurar información e para obter servizos bancarios e financeiros (91,7% e 76,0%, respectivamente), ascendendo ó 53,6% a porcentaxe de empresas que interactúan coas administracións públicas mediante internet.

No concernente á disponibilidade de páxina web, as empresas empegan aúa páxina web, principalmente, para comercializa-los seus produtos e para facilita-lo acceso a catálogos e listas de prezos (73,9% e 54,6%, respectivamente).

5.2.6.

Estatísticas da propiedade industrial nas CC.AA. 2003 (1)

| | Solicitudes de patentes | | | Modelos de utilidade | Modelos e debuxos industriais | Marcas | Nomes comerciais e rótulos de establecementos |
|---------------------------|-------------------------|-----------------|------------------|----------------------|-------------------------------|---------------|---|
| | Via nacional | Via europea (2) | Patentes PCT (3) | | | | |
| Andalucía | 267 | 6 | 49 | 231 | 156 | 5.524 | 542 |
| Aragón | 166 | 13 | 20 | 123 | 50 | 1.331 | 164 |
| Asturias | 41 | 6 | 9 | 41 | 29 | 803 | 46 |
| Baleares | 58 | 1 | 2 | 47 | 44 | 1.135 | 96 |
| Canarias | 41 | 3 | 10 | 48 | 100 | 1.873 | 260 |
| Cantabria | 15 | 1 | 3 | 17 | 11 | 385 | 20 |
| Castela-A Mancha | 63 | 8 | 10 | 64 | 46 | 1.372 | 113 |
| Castela e León | 79 | 9 | 23 | 78 | 57 | 1.775 | 157 |
| Cataluña | 713 | 115 | 175 | 827 | 349 | 11.122 | 733 |
| C. Valenciana | 391 | 27 | 72 | 469 | 493 | 5.348 | 585 |
| Estremadura | 36 | 1 | 4 | 20 | 14 | 453 | 67 |
| Galicia | 106 | 4 | 26 | 118 | 87 | 2.306 | 157 |
| Madrid | 518 | 39 | 184 | 435 | 301 | 12.607 | 707 |
| Murcia | 55 | 5 | 11 | 96 | 129 | 1.486 | 77 |
| Navarra | 65 | 9 | 18 | 54 | 44 | 648 | 57 |
| País Vasco | 168 | 48 | 40 | 153 | 84 | 2.934 | 290 |
| A Ríoxa | 19 | 3 | 7 | 29 | 33 | 544 | 70 |
| Ceuta e Melilla | - | - | - | 1 | 5 | 78 | 7 |
| Non consta | 3 | - | - | 2 | 1 | 30 | 0 |
| Estranxeiros | - | 25 | 8 | - | - | - | - |
| Enviada a OMPI ou anulada | - | - | 2 | - | - | - | - |
| Total | 2.804 | 323 | 673 | 2.853 | 2.033 | 51.754 | 4.148 |

(1) Avance de resultados

(2) Solicitudes de patentes europeas presentadas en España por CC.AA. de residencia do primeiro solicitante

(3) Solicitudes de patentes de ámbito mundial (PCT) presentadas en España por CC.AA. de residencia

Fonte: Oficina Española de Patentes y Marcas

Finalmente, no que ás **estatísticas da propiedade industrial** se refire, os datos da Oficina Española de Patentes y Marcas amosan, **adro 5.2.6.**, que Galicia, con 224 solicitudes de invencións (patentes e modelos de utilidade), é a séptima comunidade en canto o número total de solicitudes, por detrás de Cataluña (1.540), Madrid (953), a C. Valenciana (860), Andalucía (498), País Vasco (321) e Aragón (289).

Polo que se refire á actividade inventiva, medida a través da ratio de solicitudes de invencións/ millón de habitantes, Galicia ten 83,1 solicitudes, sendo a media estatal de 138,5 solicitudes por millón de habitantes. Comparado coas outras comunidades, Galicia presenta unha actividade inventiva superior á rexistrada en Andalucía (67,7 solicitudes por millón de habitantes), Asturias (77,1), Canarias (52,5), Cantabria (59,8), Castela A Mancha (71,1), Castela e León (63,9) e Estremadura (52,9 solicitudes por millón de habitantes).

O número de patentes nacionais solicitadas –que conceden a explotación

exclusiva unicamente no territorio español– en Galicia ascendeu en 2003 a 106, o 3,8% do total estatal, sendo a séptima comunidade con menor actividade creativa, con 39,3 solicitudes por millón de habitantes (68,6 solicitudes no conxunto do Estado). Asemade, presentáronse 4 solicitudes de ámbito europeo (o 1,2%) e 26 solicitudes de ámbito mundial (PCT), o 3,9% destas solicitudes en España.

O número de solicitudes de modelos de utilidades en Galicia foi de 118 ó longo do ano 2003 (4,1% do total estatal), acadando a ratio solicitudes por cada millón de habitantes un valor de 43,8 fronte ós 69,8 no conxunto do Estado.

Comercio exterior segundo nivel tecnolóxico

Neste último apartado trátase de analiza-lo comercio exterior galego de produtos da industria manufactureira, centránndonos no nivel tecnolóxico dos citados productos, tomando como referencia os sectores OCDE.

5.2.7.

**Exportacións e importacións galegas dos produtos da industria manufacturera 2003 (1); distribución segundo nivel tecnolóxico
e sectores OCDE**

| Sectores OCDE | Importacións e introduccións | | | Exportacións e expedicións | | |
|--|------------------------------|--------------|-----------------------------|----------------------------|--------------|-----------------------------|
| | Unión Europea (%) | Resto (%) | Total (en miles/ns de €) | Unión Europea (%) | Resto (%) | Total (en miles/ns de €) |
| Total tecnoloxía alta | | | | | | |
| Aeronaves e naves espaciais | 80,6 | 19,4 | 416,0 | 85,5 | 14,5 | 96,0 |
| Máquinas de oficina e equipos informáticos | 93,4 | 6,6 | 4,5 | 59,7 | 40,3 | 0,1 |
| Mat. electrónicos; aparellos de radio, televisión e comunicacóns | 87,0 | 13,0 | 8,9 | 87,4 | 12,6 | 6,0 |
| Produtos farmacéuticos | 41,2 | 58,8 | 27,0 | 85,7 | 14,3 | 35,6 |
| Total tecnoloxía media alta | | | | | | |
| Equipos e instrumentos médico-cirúrxicos e de precisión | 83,1 | 16,9 | 375,6 | 85,2 | 14,8 | 54,4 |
| Vehículos de motor | 91,5 | 8,5 | 3.667,7 | 83,4 | 16,6 | 5.068,7 |
| Maquinaria e material eléctrico | 60,4 | 39,6 | 29,5 | 89,9 | 10,1 | 17,5 |
| Produtos químicos, agás os farmacéuticos | 99,4 | 0,6 | 2.724,1 | 84,8 | 15,2 | 4.595,1 |
| Outro material de transporte terrestre | 74,2 | 25,8 | 178,0 | 58,5 | 41,5 | 146,5 |
| Maquinaria e equipo mecánico | 80,7 | 19,3 | 320,8 | 91,8 | 8,2 | 150,9 |
| Total tecnoloxía medio baixa | | | | | | |
| Produtos de caucho e materiais plásticos | 57,3 | 42,7 | 10,2 | 72,3 | 27,7 | 5,5 |
| Embarcacións e servizos de reparación | 57,4 | 32,6 | 405,1 | 57,8 | 42,2 | 153,2 |
| Manufacturas diversas | 86,2 | 13,8 | 1.244,7 | 71,2 | 28,8 | 1.392,4 |
| Metais non ferreos | 56,7 | 43,3 | 111,8 | 84,9 | 15,1 | 95,0 |
| Outros produtos minerais non metálicos | 59,4 | 40,6 | 42,7 | 38,0 | 62,0 | 355,8 |
| Produtos metálicos, agás maquinaria e equipo | 47,1 | 52,9 | 35,4 | 78,0 | 22,0 | 33,6 |
| Couqe e produtos do refinado de petróleo | 63,7 | 36,3 | 171,8 | 87,1 | 12,9 | 182,5 |
| Metais ferreos | 79,0 | 21,0 | 77,4 | 89,8 | 10,2 | 356,8 |
| Total | 58,5 | 41,5 | 10.183,3 | 78,7 | 21,3 | 9.940,5 |
| Ramas CNAE | | | | | | |
| Agricultura, gandería, caza e silvicultura | 43,7 | 56,3 | 280,4 | 99,5 | 0,5 | 73,9 |
| Pesca | 77,9 | 22,1 | 199,8 | 99,4 | 0,6 | 112,5 |
| Industria extractiva | 10,3 | 89,7 | 1.207,4 | 61,7 | 38,3 | 56,3 |
| Industria manufactureira | 66,7 | 33,3 | 8.325,1 | 79,1 | 20,9 | 9.575,5 |
| Resto | 3,8 | 96,2 | 170,7 | 24,2 | 75,8 | 122,4 |
| Total | 58,5 | 41,5 | 10.183,3 | 78,7 | 21,3 | 9.940,5 |

(1) Dados provisionais

Fonte: IGE, Indicadores de alta tecnoloxía

5.2.8.

Exportacións e importacións galegas dos produtos da industria manufacturera 2002-03 (1): distribución segundo nivel tecnolóxico e provincia

| | Galicia | | A Coruña | | Lugo | | Ourense | | Pontevedra | |
|---|-------------------------|-------------------------|-------------------------|-------------------------|-------------------------|-------------------------|-------------------------|-------------------------|-------------------------|-------------------------|
| | 2002 (en miles de €) | 2003 (en miles de €) | 2002 (en miles de €) | 2003 (en miles de €) | 2002 (en miles de €) | 2003 (en miles de €) | 2002 (en miles de €) | 2003 (en miles de €) | 2002 (en miles de €) | 2003 (en miles de €) |
| | | (%) | | (%) | | (%) | | (%) | | (%) |
| Manufacturas de tecnoloxía alta | | | | | | | | | | |
| Introduccións/importacións | 335,3 | 416,0 | 24,1 | 23,0 | 25,2 | 9,9 | 1,1 | 20,4 | 0,8 | -18,6 |
| Expedicións/exportacións | 73,8 | 96,0 | 30,1 | 11,4 | 15,1 | 33,0 | 1,6 | 22,2 | 2,1 | 14,6 |
| Saldo (E-) | -261,5 | -320,0 | -22,3 | -11,6 | -10,1 | 12,8 | 0,5 | 0,0 | 1,3 | 34,9 |
| Manufacturas de tecnoloxía medio alta | | | | | | | | | | |
| Introduccións/importacións | 3.312,3 | 3.667,7 | 10,7 | 315,3 | 286,6 | -9,1 | 69,0 | 83,9 | 21,7 | 52,0 |
| Expedicións/exportacións | 5.189,1 | 5.068,7 | -2,3 | 178,5 | 211,7 | 18,6 | 6,7 | 41,7 | 52,1 | 77,8 |
| Saldo (E-) | 1876,8 | 1401,1 | -25,4 | -136,8 | -74,9 | 45,3 | -62,3 | -42,2 | 32,2 | 25,8 |
| Manufacturas de tecnoloxía medio baixa | | | | | | | | | | |
| Introduccións/importacións | 1.056,6 | 1.244,7 | 17,8 | 595,9 | 638,8 | 7,2 | 52,6 | 91,6 | 74,2 | 35,4 |
| Expedicións/exportacións | 1.206,6 | 1.392,4 | 15,4 | 424,6 | 582,4 | 37,2 | 81,9 | 122,1 | 49,1 | 208,4 |
| Saldo (E-) | 150,1 | 141,7 | -1,6 | -171,3 | -56,4 | 67,1 | 29,3 | 30,5 | 4,0 | 173,0 |
| Manufacturas de tecnoloxía baixa | | | | | | | | | | |
| Introduccións/importacións | 2.712,2 | 2.996,7 | 10,5 | 1.403,7 | 1.458,9 | 3,9 | 39,7 | 40,0 | 0,8 | 85,0 |
| Expedicións/exportacións | 2.693,5 | 3.018,4 | 12,1 | 1.425,7 | 1.751,5 | 22,9 | 69,2 | 69,0 | -0,2 | 102,1 |
| Saldo (E-) | -18,7 | 21,6 | 215,6 | 22,0 | 282,7 | 1.230,3 | 29,5 | 29,0 | -1,6 | 17,1 |
| Total manufacturas | 7.416,3 | 8.325,1 | 12,3 | 2.337,8 | 2.409,5 | 3,1 | 162,3 | 216,8 | 33,6 | 173,2 |
| Introduccións/importacións | 9.163,0 | 9.575,5 | 4,5 | 2.040,1 | 2.580,7 | 25,5 | 159,4 | 234,0 | 46,8 | 390,4 |
| Expedicións/exportacións | 1250,4 | -28,4 | -297,7 | 151,3 | 150,8 | -2,9 | 17,2 | 697,8 | 217,1 | 391,7 |
| Saldo (E-) | 1746,7 | | | | | | | | | |
| Total comercio | 9.107,5 | 10.183,3 | 11,8 | 3.651,3 | 3.892,7 | 6,6 | 263,9 | 292,7 | 10,9 | 184,7 |
| Introduccións/importacións | 9.517,8 | 9.940,5 | 4,4 | 2.156,7 | 2.682,1 | 24,4 | 182,5 | 286,4 | 40,5 | 403,8 |
| Expedicións/exportacións | 410,3 | -242,9 | -159,2 | -1494,5 | -1210,6 | 19,0 | -81,4 | -36,3 | 56,4 | 219,2 |
| Saldo (E-) | | | | | | | | | | |

(1)Datos provisionais
Fonte: IGÉ, Indicadores de alta tecnoloxía

5.2.9.

Exportacións e importacións dos produtos da industria manufacturera 2003 (1): distribución segundo nivel tecnolóxico e sectores OCDE

| Sectores OCDE | Importacións e introducións | | | | Exportacións e expedicións | | |
|---|-----------------------------|-----------------|--------------|-----------------------------|-------------------------------|--|--------------|
| | A Coruña (en miles de €) | Lugo Ourense | Pontevedra | A Coruña Lugo Ourense | Pontevedra (en miles de €) | Exportacións e expedicións Pontevedra | |
| Total tecnología alta | | | | | | | |
| Aeronaves e naves espaciais | 25,2 | 1,3 | 0,6 | 388,8 | 15,1 | 1,3 | 2,4 |
| Máquinas de oficina e equipos informáticos | 0,3 | 0,0 | - | 4,1 | 0,1 | - | 0,0 |
| Mat. electrónico; aparellos de radio, televisión e comunicacóns | 4,7 | 0,1 | 0,2 | 3,9 | 1,8 | 0,1 | 4,1 |
| Productos farmacéuticos | 17,8 | 1,1 | 0,4 | 7,7 | 13,0 | 1,1 | 0,2 |
| | 2,4 | 0,2 | 0,0 | 373,0 | 0,2 | 0,1 | 21,3 |
| | | | | | | | 51,8 |
| Total tecnología media alta | 286,6 | 83,9 | 69,2 | 3.228,0 | 211,7 | 41,7 | 4.732,3 |
| Equipos e instrumentos médico-cirúrxicos e de precisión | 10,2 | 0,4 | 0,8 | 18,1 | 3,7 | 0,1 | 0,4 |
| Vehículos de motor | 24,5 | 6,9 | 15,0 | 2.677,6 | 24,2 | 2,0 | 35,2 |
| Maquinaria e material eléctrico e electrónico | 38,2 | 37,2 | 16,3 | 86,2 | 74,4 | 4,0 | 49,3 |
| Productos químicos, agás os farmacéuticos | 88,6 | 17,2 | 16,4 | 198,6 | 66,2 | 31,9 | 43,3 |
| Outro material de transporte terrestre | 2,7 | 0,4 | 0,4 | 6,7 | 0,1 | - | 0,0 |
| Maquinaria e equipo mecánico | 122,3 | 21,7 | 20,2 | 240,8 | 43,2 | 3,7 | 54,4 |
| Total tecnología media baixa | 638,8 | 91,6 | 38,3 | 475,9 | 582,4 | 122,1 | 207,5 |
| Productos de caucho e materias plásticas | 25,4 | 8,4 | 8,0 | 70,0 | 25,6 | 3,0 | 480,3 |
| Embarcacións e servicios de reparación | 1,6 | - | - | 41,1 | 162,0 | 0,2 | 64,9 |
| Manufacturas diversas | 12,6 | 0,9 | 3,9 | 18,0 | 16,3 | 0,1 | 193,6 |
| Metais non ferreos | 63,4 | 13,8 | 5,5 | 89,0 | 75,8 | 7,1 | 2,2 |
| Outros productos minerais non metálicos | 34,7 | 1,6 | 4,0 | 37,2 | 23,7 | 40,1 | 15,1 |
| Productos metálicos, agás maquinaria e equipo | 35,9 | 2,9 | 10,4 | 85,3 | 34,2 | 1,2 | 13,3 |
| Coque e produtos do refinado de petróleo | 147,6 | 55,5 | 4,2 | 54,2 | 163,6 | 0,4 | 103,3 |
| Metais ferreos | 317,6 | 8,6 | 2,3 | 81,2 | 81,3 | 7,3 | 70,7 |
| Total tecnología baixa | 1.456,9 | 40,0 | 101,4 | 1.396,4 | 1.751,5 | 69,0 | 98,7 |
| Productos de papel; produtos editados ou imprimidos | 68,1 | 9,7 | 1,4 | 26,0 | 21,6 | 0,3 | 0,3 |
| Productos textil; da confección, corio e calzado | 981,3 | 74,6 | 74,6 | 1.129,9 | 1.267,3 | 2,7 | 22,5 |
| Productos alimenticios, bebidas e tabaco | 280,8 | 13,4 | 15,5 | 1.117,1 | 348,0 | 36,7 | 41,1 |
| Madeira, cortiza e os seus produtos; móveis | 128,7 | 9,4 | 9,9 | 140,4 | 114,6 | 29,4 | 822,8 |
| Non clasificados por nivel tecnolóxico | 1.483,2 | 75,9 | 9,9 | 289,3 | 121,4 | 22,3 | 20,8 |
| Total | 3.892,7 | 292,7 | 219,5 | 5.778,5 | 2.682,1 | 256,4 | 411,8 |
| Ramas CNAE | | | | | | | |
| Agricultura, gandería, caza e silvicultura | 173,8 | 3,9 | 8,5 | 94,2 | 23,0 | 1,6 | 13,8 |
| Pesca | 61,9 | 7,5 | 0,0 | 130,5 | 34,0 | 9,3 | 35,5 |
| Industria extractiva | 1.086,7 | 64,3 | 0,6 | 55,8 | 11,6 | 10,2 | 69,1 |
| Industria manufacturera | 2.409,5 | 216,8 | 209,6 | 5.489,1 | 2.560,7 | 234,0 | 30,6 |
| Resto | 160,8 | 0,2 | 0,8 | 8,8 | 52,7 | 1,2 | 6,389,0 |
| Total | 3.892,7 | 292,7 | 219,5 | 5.778,5 | 2.682,1 | 256,4 | 411,8 |

(1)Datos provisionais

Fonte: GE, Indicadores de alta tecnoloxía

O valor das importacións e introducións dos produtos de tecnoloxía medio alta ascendeu a 3.667,7 millóns de euros (un 10,7% máis que en 2002) en tanto que o valor das exportacións e expedicións acadou os 5.068,7 millóns de euros (un 2,3% menos que no ano anterior). Comparado co valor total das importacións e exportacións do produtos da industria manufactureira, estes produtos de medio-alta tecnoloxía representan o 36,0% e o 51,0 % das importacións e exportacións totais, respectivamente.

Atendendo á distribución xeográfica, o **adro 5.2.7.** amosa que o 91,5% das compras destes produtos proceden da Unión Europea (58,5% no caso do valor total das compras de productos manufactureiros) e que un 83,4% das ventas diríxense cara a estes países (78,7% no caso dos productos manufactureiros).

Entre estes produtos, de media-alta tecnoloxía cómpre salientar que o 74,3% das importacións e o 90,7% das exportacións de produtos da industria manufactureira de tecnoloxía medio alta ó sector dos vehículos de motor.

En segundo lugar están as exportacións e importacións de produtos manufactureiros de tecnoloxía baixa, cunhas importacións e introduccións por valor de 2.996,7 millóns de euros (o 65,9% procede de países de fóra da Unión Europea) e unhas exportacións e expedicións, por valor de 3.018,4 millóns de euros (o seu destino nun 75,3% é países da Unión Europea).

O importe das importacións e exportacións de produtos de tecnoloxía medio alta ascendeu a 1.244,7 e 1.392,4 millóns de euros, respectivamente, sendo os países da Unión Europea os principais compradores e vendedores destes produtos ó acoller o 67,4% e 71,2% das importacións e exportacións destes productos. Dentro

das importacións e introduccións de produtos manufactureiros de tecnoloxía medio baixa destacan os metais férreos, fronte ás exportacións, onde son “outros productos minerais non metálicos” e “embarcacións e servicios de reparación” os que acadan un maior importe.

Os **cadros 5.2.8. e 5.2.9.** mostrán as importacións e exportacións de produtos da industria manufactureira segundo o nivel tecnolóxico distribuídas por provincias. Pontevedra é provincia que rexistra o valor máis elevado no que as importacións e exportacións de produtos de manufaturas se refire, ó acolle-las dúas terceiras partes das compras e vendas galegas destes produtos. Esta provincia destaca nas relacións comerciais de produtos de alta e medio alta tecnoloxía, en tanto que A Coruña é a provincia con maior importe das exportacións e importacións de produtos de tecnoloxía medio baixa e baixa.

Galicia presenta saldo comercial positivo nas manufacturas de tecnoloxía medio alta e medio baixa, sendo este saldo comercial negativo nas manufacturas de tecnoloxía alta e baixa. ■

